

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Organismo: Dirección Xeral de Patrimonio Natural

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir en el "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

ORDE do 20 de novembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, e se convocan axudas para o ano 2026 (procedemento MT804C)

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, creou o Catálogo galego de árbores senlleiras regulado polo Decreto 67/2007, do 22 de marzo, como rexistro público de carácter administrativo dependente da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, no que están incluídos aqueles exemplares que polos seus valores naturais, culturais, científicos, didácticos, estéticos ou paisaxísticos, requiren da súa conservación, considerando, asemade, que este tipo de árbores constitúen un patrimonio cultural valioso, de interese público, e irrecuperable no caso da súa destrución.

Así, ben por iniciativa da Administración ou das persoas propietarias das árbores ou de asociacións, entidades públicas ou privadas ou centros de investigacións desde a creación deste Catálogo fóronse incorporando nel aqueles elementos que foron valorados seguindo criterios básicos e métodos obxectivos, como merecentes de medidas específicas de protección en atención ás excepcionais características do seu porte, dendrometría, idade, rareza, significación histórica ou cultural, interese científico, educativo, estético, paisaxístico ou calquera outra circunstancia.

A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio natural e da Biodiversidade de Galicia,

regula no seu artigo 112 o Catálogo galego de árbores senlleiras confirmando o seu carácter de rexistro público no que se inclúen e incluírán aqueles exemplares ou formacións dos que, polos seus valores ou intereses natural, cultural, científico, educativo, estético ou paisaxístico, sexa necesario asegurar a súa conservación.

O Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras, prevé no seu artigo 10.1º a posibilidade de que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poida establecer un réxime de axudas económicas encamiñadas a súa conservación, protección e mellora ou, se é o caso, para realizar tratamentos fitosanitarios ou silvícolas de mantemento.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas Administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas esixencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e principios de aplicación

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras regulado polo Decreto 67/2007, do 22 de marzo, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento MT804C).

2. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. Actividades subvencionables

1. Serán actuacións subvencionables ao abeiro desta orde de axudas as destinadas a:

a) Realización de podas e actuacións de formación e control da copa. Serán subvencionables os gastos directamente relacionados coa realización de podas e actuacións de formación e control da copa que se consideren precisas para a conservación e mellora dos elementos catalogados. As características das podas e actuacións de formación e control da copa deberán ser validadas polo Servizo de Patrimonio Natural, previamente ao seu desenvolvemento.

b) Aplicación de tratamentos fitosanitarios. Serán subvencionables os gastos directamente relacionados coa adquisición e aplicación de produtos fitosanitarios, e posterior xestión dos residuos con xestores autorizados. As características dos traballos deberán constar nunha memoria ou proxecto técnico que requirirá da aprobación do Servizo de Patrimonio Natural previamente á súa execución.

c) Accións encamiñadas á conservación e mellora do entorno. Serán subvencionables os gastos directamente relacionados coa conservación e mellora das inmediacións dos elementos catalogados incluíndo, entre outros, descompactación ou fertilización do terreo, retirada ou modificación de elementos prexudiciais para os elementos catalogados por cuestións sanitarias ou estéticas, ou plantación de novos exemplares (só no caso de formacións senlleiras). As características dos traballos deberán constar nunha memoria ou proxecto técnico que requirirá da aprobación do Servizo de Patrimonio Natural previamente á súa execución.

d) Accións de divulgación e sinalización. Serán subvencionables os gastos directamente relacionados coa difusión da información da condición de árbores e formacións senlleiras incluíndo, entre outros, deseño e impresión dos materiais. Tamén serán subvencionables os gastos directamente relacionados coa información á beira dos á beira dos elementos catalogados da súa condición de árbores e formacións senlleiras incluíndo, entre outros, sinais, soportes e gastos de colocación. O formato, o contido e demais características dos materiais divulgativos e/ou de sinalización deberán ser validados polo Servizo de Patrimonio Natural, previamente á edición dos materiais e/ou á execución dos traballos.

e) Realización de estudos. Serán subvencionables os gastos directamente relacionados coa realización de estudos fitosanitarios, biomecánicos e calesquera outros que se consideren precisos para a conservación e mellora dos elementos catalogados, incluíndo a elaboración de plans de xestión encamiñados á conservación, restauración e mellora dos elementos catalogados.

2. Non será obxecto de subvención:

a) O imposto do valor engadido (IVE).

b) Aquelas actuacións ou actividades que poñan ou poidan poñer en perigo os valores que xustificaron a inclusión da árbore ou formación no Catálogo galego de árbores senlleiras.

c) As actuacións que se tiveran iniciado antes da certificación de non inicio ou sen contar coa validación previa á súa realización por parte do Servizo de Patrimonio Natural do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente, cando esta fose precisa.

3. En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da acción subvencionable.

4. A concesión da axuda leva implícita a autorización para a realización das actuacións subvencionadas ao abeiro desta orde.

5. A concesión da axuda leva implícita a obriga da persoa beneficiaria de dar difusión da axuda recibida mediante o seguinte texto: *"Esta actividade foi subvencionada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático: Axudas árbores e formacións senlleiras"*. Esta mención poderá realizarse tanto na páxina web da entidade beneficiaria, redes sociais, documentos e relacionados, carteis..., na forma e formato que mellor se axuste á actuación subvencionada.

Artigo 3. Ámbito temporal.

As axudas ás que se refire esta orde comprenden os gastos subvencionables recollidos no artigo 2 que foran realizados desde a certificación de non inicio ata o 15 de outubro de 2026.

En ningún caso se poderán ter iniciado as actividades antes da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. É condición indispensable que, con anterioridade ao comezo das actuacións, o Servizo de Patrimonio Natural do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente expida unha certificación de non inicio, para todas as actuacións subvencionables incluídas no artigo 2 agás as descritas na letra e), que será realizada de oficio a partir do momento da recepción da solicitude da axuda.

Artigo 4. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, distintas das entidades locais, ou entidades sen personalidade xurídica, propietarias de elementos incluídos no Catálogo galego de árbores senlleiras na data de publicación desta orde.

2. Só se admitirá unha única solicitude por persoa solicitante. Cando unha mesma persoa solicitante sexa propietaria de máis dunha árbore e/ou formación senlleira, deberá presentar unha única solicitude que abranguerá todas as árbores e/ou formacións para as que se solicita a axuda.

Artigo 5. Requisitos esixibles ás persoas beneficiarias

1. As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, distintas das entidades locais, ou entidades sen personalidade xurídica que teñan sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia.

Artigo 6. Contía da axuda

1. A axuda poderá acadar o 100 % dos gastos subvencionables, fixándose un importe máximo de 4.500 euros de axuda por árbore e 8.000 euros de axuda por formación.

2. No caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias poderán axustarse as contías á rata entre todas as entidades solicitantes que cumpren os requisitos. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración.

3. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 7. Compatibilidade.

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme ao establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 8. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e que se corresponde con anexo I desta orde.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

4. A solicitude da axuda, segundo o anexo I desta orde (código de procedemento MT804C), inclúe as seguintes declaracións da persoa ou entidade solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para a mesma fin, das distintas administracións públicas.

b) Declaración da conta para a transferencia bancaria.

c) Declaración de que todos os datos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

d) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións nin en ningunha das situacións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Declaración de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Declaración responsable de non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia.

5. A solicitude para ser persoa beneficiaria da axuda, levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, as persoas ou entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorran algunhas das circunstancias previstas na alínea d), do número 2, do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes será de 1 mes contado a partir do día seguinte da publicación da orde.

Artigo 10. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación complementaria:

a) Acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

b) Acreditación da titularidade dos predios ou certificación da persoa ou entidade titular para a súa dispoñibilidade.

No suposto de que a árbore e/ou formación obxecto da actividade sexa propiedade de varias persoas ou entidades copropietarias, deberase presentar, segundo corresponda:

- i) Acreditación da titularidade de cada persoa ou entidade propietaria.
 - ii) Documento que acredite o consentimento de todas as persoas ou entidades propietarias.
 - iii) Representación da persoa ou entidade solicitante para realizar a actividade obxecto da subvención, de acordo co previsto na letra a) deste artigo.
- c) Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar e para as cales se solicita a axuda, coa correspondente previsión de gastos e unha descrición das actividades proxectadas, segundo o anexo II desta orde.
- d) Memoria ou proxecto asinado por persoal técnico cualificado para as actuacións subvencionables descritas no artigo 2 nas letras a), b), e c).
- e) Factura pro forma ou oferta económica correspondentes á previsión de gastos das actividades que se pretenden realizar.
- f) No caso de comunidades de montes veciñais en man común, certificación do acordo da asemblea xeral conforme se autoriza á xunta reitora para solicitar estas axudas.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía

electrónica. A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- c) DNI ou NIE da persoa representante.
- d) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- f) Certificado de estar ao día no cumprimento da obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia de Galicia.

h) Concesións de subvencións e axudas.

i) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

j) No caso de comunidades de montes veciñais en man común, certificado da Sección Territorial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común de posuír os estatutos en regra, figurando a composición da xunta reitora actualizada consonte aos parámetros establecidos pola Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da antedita lei.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes

Artigo 12. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario . No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración

dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. Criterios de valoración

Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas no artigo 2 serán os seguintes:

- a) Nivel de prioridade das actuacións: máximo 60 puntos, de acordo co seguinte:
 - i prioridade 1: 60 puntos

- ii prioridade 2: 40 puntos
- iii prioridade 3: 20 puntos.
- iv prioridade 4: 10 puntos.

O nivel de prioridade das actuacións considerado para cada elemento do Catálogo galego de árbores senlleiras en función da avaliación máis recente dispoñible recóllese no anexo VI.

b) Localización do elemento: máximo 20 puntos, de acordo co seguinte:

- i elemento localizado nun espazo da Rede Galega de Espazos Protexidos: 20 puntos.
- ii elemento incorporado nun Ben de Interese Cultural: 16 puntos.
- iii elemento incorporado nun ben catalogado no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia: 10 puntos.

c) Non ter recibido axudas polo mesmo concepto na convocatoria inmediatamente anterior: 10 puntos.

d) Elemento incorporado na Ruta dos Xardíns da Camelia: 10 puntos.

e) Elemento situado nalgún dos concellos afectados pola vaga de incendios forestais durante o ano 2025: 10 puntos.

Cando unha mesma persoa ou entidade solicite axuda para máis dunha árbore e/ou formación senlleira, a puntuación asignada á súa solicitude corresponderase coa media aritmética da puntuación asignada a cada árbore e/ou formación.

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio da letra a). De persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio da letra e). Se así é todo continúa a igualdade, dirimirase o empate a favor da entidade solicitante que obteña a maior puntuación na letras b), c) e d), por esta orde. De persistir o empate, a preferencia determinarase pola data e hora de presentación da solicitude.

Artigo 15. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Os Servizos de Patrimonio Natural dos Departamentos Territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

examinarán e revisarán a documentación acompañante que se especifica no artigo 10 desta orde.

2. No caso de que fosen detectados erros ou omisións, os Servizos de Patrimonio Natural requiriranlle á persoa e/ou entidade solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se terá por desistido da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á entidade que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

4. Os Servizos de Patrimonio Natural emitirán informes de valoración das solicitudes presentadas.

5. Unha vez recibidos os anteditos informes, o Servizo de Conservación da Biodiversidade emitirá un informe de valoración conxunta de todas as solicitudes recibidas que elevará á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, para que esta continúe coa súa tramitación.

6. A Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instructor, realizará as propostas de resolución das solicitudes á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto. Non obstante, no caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias poderán axustarse as contías á rata entre todas as entidades beneficiarias. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración.

Artigo 16. Resolución e recursos

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de dous meses a contar desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, as persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no apartado 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería Medio Ambiente e Cambio Climático, no prazo de un mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

5. A resolución de concesión da axuda levará implícita a autorización para a realización das actuacións incluídas na solicitude coas limitacións que nela se indiquen.

Artigo 17. Aceptación da axuda concedida.

O outorgamento da subvención debe ser aceptado polas persoas ou entidades interesadas que fosen propostas como beneficiarias no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 18. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das pre-

vistas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 19. *Publicidade*

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Medio e Cambio

Climático

(https://medioambiente.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conseccion?content=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&std=axudas.html&sub=Arbores_senlleiras/)

Artigo 20. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde, será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionable en Galicia. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As persoas interesadas terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3. A solicitude para ser entidade beneficiaria das axudas incluídas nesta orde, levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada,

para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorran algunha das circunstancias previstas na alínea d), do apartado 2, do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BNDS). A BNDS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 21. Xustificación dos gastos realizados

1. O pagamento da cantidade adxudicada a cada entidade beneficiaria queda condicionado á xustificación dos gastos obxecto de subvención.

2. O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos realizados rematará o 30 de outubro de 2025. As persoas beneficiarias deberán presentar da forma indicada no artigo 13 desta orde, a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento, segundo o anexo III desta orde, que inclúe unha declaración complementaria relativa á obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os que foi concedida a axuda da que se trate, de acordo co formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

b) Para xustificar os gastos das axudas reguladas nesta orde:

1º Copia das facturas correspondentes aos investimentos realizados.

2º. Xustificantes do pagamento: copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto do pagamento.

3º Memoria xustificativa de actuacións realizadas segundo o modelo do anexo IV desta orde

4º. Relación de gastos e investimentos segundo o modelo do anexo V desta orde.

3. Conforme ao previsto no artigo 27.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas ou entidades beneficiarias poderán subcontratar parte ou a totalidade da actividade subvencionada. Non obstante, non se poderán subcontratar as actuacións que, incrementando o custo da actividade subvencionada, non incrementen o valor engadido ao contido desta.

4. Os Servizos de Patrimonio Natural dos Departamentos Territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, comprobarán a documentación e engadirán as certificacións sobre o grado de execución das actividades subvencionadas e sobre a adecuación de estas á documentación que serviu de base para a concesión da axuda.

5. Unha vez realizado o anterior, o expediente remitirase, xunto cunha proposta, á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Artigo 22. Pagamento

1. O pagamento corresponderase co importe da axuda aprobada e debidamente xustificada. Non obstante, excepcionalmente, por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, poderá subvencionarse só unha parte das actuacións aprobadas sempre que se xustifique documentalmente o motivo de non ter realizado o total do gasto, e que a parte executada constitúa unha unidade operativa independente.

2. Para o pagamento da axuda será imprescindible que as persoas beneficiarias estean ao corrente nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De acordo co establecido no artigo 11, o órgano xestor das axudas poderá obter dos organismos competentes as citadas certificacións.

3. O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia na conta bancaria indicada na solicitude.

Artigo 23. Crédito orzamentario

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación an-

ticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2026, no momento resolución.

2. O importe máximo das axudas que se conceden no antedito exercicio orzamentario ascenderá a 60.000 €, cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias 06.04.541B-780.0 (20.000 €), 06.04.541B-781.1 (20.000 €) e 06.04.541B-770.0 (20.000 €) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, mediante concorrencia competitiva.

3. O importe consignado, así como a aplicación á que se impute, poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para os efectos. En todo caso, a concesión das axudas estará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

4. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive de:

- a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
- c) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 24. Modificación das actividades subvencionadas

Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince días hábiles de anticipación á súa realización.

Artigo 25. Control das actividades subvencionadas

1. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, poderá, en calquera

momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos de Patrimonio Natural dos Departamentos Territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, poderán facer visitas e inspeccións nos lugares onde se realizasen as actividades, mesmo con carácter previo á concesión das axudas, para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como poderán solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que fosen obxecto das axudas, consonte o establecido no artigo 30.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. No caso das solicitudes de axudas para a elaboración de materiais divulgativos, o formato, o contido e demais características dos materiais divulgativos deberán ser validados polo Servizo de Patrimonio Natural Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente, previamente á edición dos materiais.

3. No caso das solicitudes de axudas para sinalización, o formato, a situación e demais características dos sinais deberán ser validados polo Servizo de Patrimonio Natural do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente, previamente á execución dos traballos.

Artigo 26. Disposicións xerais.

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. As persoas ou entidades beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscali-

zación e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, ds obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar a devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a perda do dereito e o cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o parágrafo anterior será o establecido no título II da Lei 9/2017, do 13 de xuño.

5. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a esixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos casos e termos previstos no seu artigo 33.

Disposición adicional única. *Delegación de competencias*

Deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático as competencias para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde surtirá efectos o día seguinte ao da súa publicación *no Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

ANEXO VI

**NIVEIS DE PRIORIDADE CONSIDERADO PARA OS ELEMENTOS DO CATÁLOGO GALEGO
DE ÁRBORES SENLLEIRAS AOS EFECTOS DA APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE
VALORACIÓN**

CÓDIGO	NOME	NIVEL DE PRIORIDADE
1A	«Perona» do Paseo da Ferradura	3
2A	Pradairo da Igrexa de Vilarpandín	2
3A	«Pravia» de Vilalba	2
5A	Ameneiro do Pazo de Maside	4
6A	Araucaria do Brasil do Parque de Caldas de Reis	1
7A	Araucaria Araucana do Castelo de Soutomaior	1
9A	Érbedo do Pazo de Mariñán	3
10A	Calocedro do Pazo de Torrecedeira	4
11A	Camelia «Pantalóns» do Pazo de Lens	4
12A	Camelia do Pazo de Santa Cruz	3
13A	Camelias do Pazo de Torres Agrelo	3
14A	Matusalén de Camelias do Pazo de Castrelos	3
15A	Camelia Reticulada do Pazo de Oca	1
16A	Camelia Sasanqua do Pazo de Torres Agrelo	2
18A	Castiñeiro da Capela	1
19A	Castiñeiro do Val da Fonte	3
22A	Castiñeiro da Ribeira	4
23A	Castiñeiro do Souto da Ramigoa	2
25A	Castiñeiros de Peninvello	1
26A	Casuarinas da Alameda da Praza de Compostela	3
27A	Cedros do Himalaia dos Xardíns de Vicenti	2
28A	Cedro do Líbano do Pazo de Lourizán	1
29A	«Croatia» do Xardín Histórico de Padrón	2
30A	Camecáparis de Lawson da Casa da Puebla	3
32A	Alcanforeiros do Pazo de Rubiáns	4
33A	Laranxo «Obsceno» do Pazo de Brandariz	3
34A	Criptomeria do Pazo de Santa Cruz	3
35A	Criptomeria do Castelo de Soutomaior	2
36A	Criptomeria Elegante do Pazo de Oca	4
37A	Cunninghamia do Pazo de Gondomar	2
38A	Cunninghamia do Parque-Xardín de Caldas de Reis	3
39A	Ciprés de California da Misericordia	3
40A	Ciprés de California do Pazo de Quintás	3
41A	Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador	3
42A	Eucaliptos do Pazo de Mariñán	2
43A	Eucalipto da Casa de Reimunde	3

CÓDIGO	NOME	NIVEL DE PRIORIDADE
45A	Eucaliptos do Paseo da Ferradura	1
46A	Eucaliptos do Pazo de Castrelos	2
47A	Eucalipto do Maná da Casa de Ordax	3
49A	Figueira do Meco	4
50A	Figueira da Casa-Museo de Rosalía de Castro	3
51A	Freixo de Folla Estreita de Montepando	1
52A	Freixo de Porta	4
53A	Xinkgos do Pazo de Fonseca	2
54A	Acivro do Pazo de Casanova	3
56A	Tulipeiros de Virxinia do Pazo de Santa Cruz	3
57A	Tulipeiros de Virxinia do Pazo de Castrelos	1
58A	Magnolia Grandiflora de Santa Rita	3
59A	Magnolias Grandifloras do Pazo de Rubiáns	3
61A	Metasecuoia do Pazo de Lourizán	1
62A	Metrosideros Excelso do Xardín da Torre de Andrade	1
63A	Metrosideros Excelso do Xardín da Policía da Coruña	3
64A	Oliveira do Paseo de Alfonso XII	3
65A	Oliveiras do Cemiterio de Adina	1
66A	Palmeira Datileira do Mosterio de Herbón	3
67A	Ombú do Centro Cultural de Santa Cruz	2
68A	Ombú do Pazo de Santa Cruz	3
69A	Piñeiro Bravo de Leiro	3
71A	Piñeiro Insigne do Castelo de Santa Cruz	2
72A	Plátano de Sombra do Pazo de Dompíñor	4
73A	Douglasia Verde do Pazo de Casanova	3
76A	Rebolo do Pazo da Pena	3
78A	Carballo de Ramos	4
79A	Carballo do Viño ou Carballo de Pelete	3
80A	Carballo da Capela de Santa Margarida	3
81A	Carballa da Rocha	2
82A	Carballo do Pazo de Cartelos	3
83A	Carballo Grande de Bustelo de Abaixo	3
84A	Carballo da Casa do Herdeiro	4
85A	Carballos do Campo de Golf	3
86A	Carballo de Mede	3
87A	Carballo da Casa Grande	4
88A	Carballo Grande do Mestre	3
89A	Carballo Grande de Reboreda	4
90A	Carballo Fastixiado do Pazo de Santa Cruz	3
91A	Carballo Fastixiado do Xardín Histórico de Padrón	3
92A	Acíñeira de Covas	3

CÓDIGO	NOME	NIVEL DE PRIORIDADE
94A	Sobreira do Pazo de Valiñas	3
95A	Sobreira do Cristo de Arriba	2
96A	Sobreira da Casa do Tristo	4
97A	Secuoias Vermellas do Xardín Histórico de Padrón	1
98A	Secuoia Vermella do Castelo de Soutomaior	3
99A	Secuoia Xigante do Pazo do Casal	2
100A	Taxodios do Xardín de Artime	4
101A	Teixo do Pazo de Baldomir	2
102A	Teixo da Igrexa de Córneas	2
104A	Tuia Xigante do Pazo de Torres Agrelo	3
105A	Tileiro Prateado da Alameda do Campo da Estrela	2
106A	Washingtonias Robustas do Pazo de Santa Cruz	3
107A	Abeto branco de Carballal	2
108A	Araucaria de Carballeira	2
110A	Castiñeiro de Pexeiros	3
111A	Castiñeiro de Cervedelo	3
112A	Castiñeiro de Trambolosríos	1
113A	Castiñeiro de Santa Eufemia	3
114A	Castiñeiro de Cádavos	4
115A	Castiñeiro do Prado da Ponte	4
116A	Castiñeiro de Placín	3
117A	Abeleira do Pazo de Lourizán	3
118A	Criptomeria xaponesa do Pazo de Lourizán	3
119A	Dicksonia do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla	4
120A	Freixo de folla estreita de Albarín	3
121A	Ginkgo de Vilaboa	3
123A	Magnolia de Oural	3
124A	Metrosideros da Finca de Besada	4
125A	Moreira negra de Cangas de Foz	2
126A	Piñeiro de Alxán	3
128A	Carballo da Portela	3
129A	Carballo de Portacal	3
130A	Carballo de Freán	2
131A	Carballo de Vilatuxe	2
132A	Carballo de Soutolongo	3
133A	Pai dos Rebolos	4
134A	Carballo de Luxís	2
137A	Sobreira de Loña	3
138A	Sobreira de Siador	2
140A	Salgueiro da braña de Xafardán	3
141A	Secuoia vermella do Pazo de Lourizán	3

CÓDIGO	NOME	NIVEL DE PRIORIDADE
142A	Sófora xaponesa do Pazo de Lourizán	1
143A	Teixo de Cereixido	3
144A	Teixo de Carballido	1
145A	Teixo de Fontaneira	1
146A	Teixo de Balmonte	3
150A	Castiñeiro de Soutogrande	4
151A	Piñeiro manso do Pazo do Cabido	2
152A	Carballo de Bermés	1
153A	Sequoia da Alameda do Campo da Estrela	1
154A	Cerquiño de Queguas	4
155A	Castiñeiro do Oreal	3
156A	Falso ciprés de Silvouta	4
157A	Magnolia grandiflora da Casa da Picota	4
158A	Sobreira da Peneda	4
159A	Castiñeiro Casa Fragueiro	4
160A	Castiñeira de Ramil	4
161A	Magnolio de Tabagón	4
162A	Nogueira do Camiño Vello	4
163A	Criptomeria xaponesa do Palco da música do Xardín histórico de Mondariz Balneario	4
164A	Alciprestes de Portugal do Xardín histórico de Mondariz Balneario	4
165A	Secuoia vermella de Xirimbao I	4
166A	Secuoia vermella de Xirimbao II	4
167A	Sobreira de Outeda	4
168A	Sobreiras da necrópole da capela dos Mártores	4
169A	Gran Castiñeiro de Sorribas	4
170A	Cerquiño de Santigoso	4
172A	Alcanforeiro do Castelo de Sobroso	4
173A	Érbedo de Cabeiro	4
174A	Plataneiro de Sombra do Pazo de San Isidro	4
175A	Camelia Rosalía de Castro	4
176A	Loureiro dos Poetas da Casa de Rosalía	4
177A	Carballo de Padroso	4
1F	Buxal da Casa da Botana	1
2F	Buxal do Pazo de Santa Cruz	2
3F	Buxal do Pazo de Oca	2
4F	Castiñeiros Xaponeses e Chineses do Pazo de Lourizán	2
7F	Carreira de Eucaliptos do Pazo de Barrantes	3
8F	Eucaliptos do Pazo de Rubiáns	4
10F	Cipreses de California do Xardín do Malecón	3
11F	Mirtos do Pazo de Mariñán	1

CÓDIGO	NOME	NIVEL DE PRIORIDADE
12F	Retícula de Oliveiras do Pazo de Santa Cruz	2
13F	Palmeiral Canario dos Xardíns de Méndez Núñez	3
14F	Palmeira do Senegal do Xardín Artístico de Padrón	3
15F	Plátanos de Sombra do Pazo de Mariñán	3
16F	Plátanos de Sombra do Paseo do Espolón de Padrón	1
17F	Carballeira de Caldas de Reis	3
18F	Carballeira de San Lourenzo de Trasouto	1
19F	Teixedal de Casaio	4
20F	Carreira dos Tileiros do Pazo de Oca	2
21F	Olmos do Xardín de San Carlos	1
22F	Carreira de araucarias de Noia	4
23F	Bidueiral de Xares	1
26F	Castiñeiros dos Blancos	3
27F	Devesa de Cartelos	4
28F	Carballos da praza do Campo de Bande	3
29F	Sobreiral de Magán	2
30F	Tileiras prateadas da igrexa de San Domingos	1
32F	Faias de San Xoan de Lagostelle	4
33F	Sobreiras do Faro	3
34F	Araucarias de Cambados	2
35F	Carballeira de Muimenta	1
36F	Piñeiros mansos do Rosal	2
37F	Souto da Rubial	4
38F	Olmos de Santiago de Reinante	4
39F	Carreira de buxos do Pazo de Quinteiro da Cruz	4
40F	Sobreiras da Magdalena	4
41F	Carballeira de Baio	4
42F	Bosque de camelios (Agregado camelias I) e Paseo das noivas e fondo do prado (Agregado camelias II).	4
43F	Sobreiras de San Roque	4
45F	Criptomerias elegantes do Pazo de Rubiáns	4
46F	Calocedros do Pazo de Rubiáns	4
47F	Camelias do Pazo de Rubiáns	4
48F	Magnolios do Pazo de Rubiáns	4
49F	Criptomerias xaponesas do Pazo de Rubiáns	4
50F	Azarolos da Estación Fitopatolóxica Areeiro	4



PROCEDEMENTO

AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN, A PROTECCIÓN E A MELLORA DAS ARBORES E
FORMACIÓNS INCLUÍDAS NO CATÁLOGO GALEGO DE ÁRBORES SENLLEIRAS

CÓDIGO DO
PROCEDEMENTO

MT804C

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

PREFIXO

OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO



DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.



Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.



Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN

☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

Árbore(s)/formación(s) obxecto das actuacións que se van desenvolver





A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Acreditación da titularidade dos predios ou certificación da persoa ou entidade titular para a súa dispoñibilidade.
- ☐ Acreditación da titularidade de cada persoa ou entidade propietaria. Só no caso de que a árbore e/ou formación obxecto da actividade sexa propiedade de varias persoas ou entidades copropietarias.
- ☐ Documento que acredite o consentimento de todas as persoas ou entidades propietarias. Só no caso de que a árbore e/ou formación obxecto da actividade sexa propiedade de varias persoas ou entidades copropietarias.
- ☐ Representación da persoa ou entidade solicitante para realizar a actividade obxecto da subvención. Só no caso de que a árbore e/ou formación obxecto da actividade sexa propiedade de varias persoas ou entidades copropietarias.
- ☐ Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar e para as cales se solicita a axuda, coa correspondente previsión de gastos e unha descrición das actividades proxectadas. Anexo II.
- ☐ Memoria ou proxecto asinado por persoal técnico cualificado para as actuacións subvencionables descritas no artigo 2 nas letras a), b), e c).
- ☐ Factura pro forma ou oferta económica correspondentes á previsión de gastos das actividades que se pretenden realizar.
- ☐ Certificación do acordo da asemblea xeral conforme se autoriza á xunta reitora para solicitar estas axudas. Só no caso de comunidades de montes veciñais en man común.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera medio válido en dereito.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de estar ao día no cumprimento de obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no cumprimento de obrigas coa Facenda de Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia.	☐
Concesións de subvencións e axudas	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Certificación da Sección Territorial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común de posuír os estatutos en regra, figurando a composición da xunta reitora actualizada. Só no caso de comunidades de montes veciñais en man común	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



LEXISLACIÓN APLICABLE

- o Orde do __ de _____ de ____ pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, e se convocan axudas para o ano 2026 (procedemento MT804C)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



MEMORIA EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES PREVISTAS REALIZAR

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO



RELACIÓN ACTIVIDADES A REALIZAR

CONCEPTO	CUSTE TOTAL SEN IVE	IVE	CUSTO TOTAL
A) Podas e actuacións de formación e control da copa			
B) Aplicación de tratamentos fitosanitarios			
C) Accións encamiñadas á conservación e mellora do contorno			
D) Accións de divulgación e sinalización			
E) Realización de estudos			

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



MEMORIA XUSTIFICATIVA DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS

MT804C - AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E MELLORA DAS ÁRBORES E FORMACIÓNS INCLUÍDAS NO CATÁLOGO GALEGO DE ÁRBORES SENLLEIRAS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO



RELACIÓN ACTIVIDADES A REALIZAR

CONCEPTO	CUSTE TOTAL SEN IVE	IVE	CUSTO TOTAL
A) Podas e actuacións de formación e control da copa			
B) Aplicación de tratamentos fitosanitarios			
C) Accións encamiñadas á conservación e mellora do contorno			
D) Accións de divulgación e sinalización			
E) Realización de estudos			

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



RELACIÓN DE GASTOS E INVESTIMENTOS

MT804C - AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E MELLORA DAS ÁRBORES E FORMACIÓNS INCLUÍDAS NO CATÁLOGO GALEGO DE ÁRBORES SENLLEIRAS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO

RELACIÓN DE GASTOS E INVERSIONES REALIZADOS

[illegible]

SINATURA DA PESSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____



XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO

MT804C - AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E MELLORA DAS ÁRBORES E FORMACIÓNS INCLUÍDAS NO CATÁLOGO GALEGO DE ÁRBORES SENLLEIRAS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Solicita o pagamento do importe correspondente á axuda concedida, para o cal presenta a documentación xustificativa que se relaciona a continuación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Copia das facturas correspondentes aos investimentos realizados.
- ☐ Xustificantes do pagamento: copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto do pagamento.
- ☐ Memoria xustificativa das actuacións segundo o modelo do anexo IV.
- ☐ Relación de gastos e investimentos segundo o modelo do anexo V.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de